



San Cibrao das Viñas

Bases reguladoras da convocatoria urxente mediante concurso-oposición para a contratación laboral temporal de 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 2 peóns ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de San Cibrao das Viñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018 (cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020")

Primeira. Obxecto da convocatoria

O obxecto destas bases é regular a contratación laboral temporal de unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de San Cibrao das Viñas integrada por 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 2 peóns, no marco do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de San Cibrao das Viñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais".

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de prevención de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga, ou ás disposicións de aplicación en función dos contratos derivados destas bases.

Durante cada un dos meses de vixencia do contrato, os traballadores han de contar con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quenadas de noite necesarias.

As labores a desenvolver en relación con cada categoría consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007.

2. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

3. Traballos de prevención, consistentes en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos. Os restos procedentes destes traballos serán recollidos, apiados e eliminados mediante trituración ou sistemas similares.

4. Mantemento das ferramentas e equipamento en perfecto estado de uso.

5. Calquera outra relacionada co obxecto da convocatoria, dentro do ámbito competencial da brigada e respectando as distintas categorías incluídas na mesma.

Segunda. Normativa aplicable

O texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O Regulamento Xeral de Ingreso del Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

O Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axus-

tarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local.

O artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997 de Administración local de Galicia e Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, polo que respecta a normativa autonómica de aplicación.

Terceira. Modalidade e duración do contrato

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de obra ou servizo, a xornada completa. A duración da obra ou servizo será de 3 meses, aplicando en cada caso a temporalidade derivada das consignacións orzamentarias que resulten de aplicación.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Cuarta. Requisitos dos aspirantes

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Xefe de brigada: estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de Montes, enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente, ou ben estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Estar en posesión do carné de conducir B.

Peón condutor: estar en posesión do carné de conducir B.

- a) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- b) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, é dicir, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

- c) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.



d) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Quinta. Sistema de selección

O procedemento de selección consistirá nunha fase de concurso-oposición que se levará a cabo mediante a validación dos méritos presentados e obxecto de puntuación, que virá determinada pola suma das puntuacións dos méritos valorados para cada aspirante, así como a fase de entrevista e proba práctica.

A) Experiencia profesional: puntuación máxima: 3,5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos, outras administracións públicas e organismos e entidades dependentes delas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,50 por cada mes completo ou fracción, cun máximo de (2,5) dous con cinco puntos.

2. Por servizos prestados no sector privado na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,50 por cada mes completo ou fracción, cun máximo de (1) un punto.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste expresamente os períodos de alta e baixa no sistema da Seguridade Social e os grupos de cotización e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

B) Proba práctica: puntuación máxima: 3,5 puntos.

Realizarase unha proba práctica sobre o terreo, na que se avaliará a pericia no manexo das ferramentas de roza e maquinaria. Esta proba realizarase por persoal cualificado baixo a supervisión do tribunal de selección.

C) Entrevista

Realizarase unha entrevista de carácter profesional sobre os méritos adecuados ás características do posto. Valorándose o coñecemento do territorio e as características propias da contorna e da poboación que o tribunal cualificador considere.

Á entrevista daráselle ata un máximo de 3 puntos.

Nos supostos nos que se obtivese igual puntuación por algún ou algúns dos candidatos, os desempates dirimiranse atendendo á maior puntuación obtida por experiencia profesional.

No caso de persistir o empate, este se dirimirá mediante sorteo.

D) Coñecemento da lingua galega

O artigo 35 da Lei 2/2009, do 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..."

En cumprimento do sinalado, o tribunal realizará as entrevistas aos aspirantes en galego, debendo estes acreditar durante a proba o dominio axeitado da lingua galega. Estarán exentos da realización da entrevista en galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2 ou estudos equivalentes.

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, prórrogas ou para outras labores de prevención e extinción de incendios, entón acudirá

a dita bolsa, seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

A duración desta bolsa será ata o 31.12.2018.

Sexta. Documentación a presentar

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia (Anexo I) que se xunta a estas bases e deberán presentarse ben no Rexistro Xeral do Concello de San Cibrao das Viñas ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante fax ou correo electrónico durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, no prazo de 5 días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

O horario de presentación de documentación no Rexistro do concello será de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Copia compulsada do documento que acredite a súa nacionalidade.

b) Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público (Anexo II).

c) Certificado médico de que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo e o recoñecemento médico que deberán realizar previamente á contratación, para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

d) Acreditación de estar en posesión da titulación esixida (xefe de brigada). No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberase aportar o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e) Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada, cos requisitos establecidos na base quinta das que rexen o procedemento selectivo.

f) Fotocopia do carné de conducir, no seu caso (xefe de brigada/peón condutor).

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.



Sétima. Tribunal cualificador

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e a realización da entrevista, estará integrado polos seguintes membros:

• Tribunal titular:

Presidente:

Don Santiago Mansilla Vázquez, secretario-interventor do Concello de Muíños.

Secretaria:

Dona M.^a Isabel Colmenero Veloso, secretaria-interventora do Concello de San Cibrao das Viñas.

Vogais:

Don José Fírvida Rodríguez, xefe do Parque de Maquinaria da Deputación Provincial de Ourense.

Don José Antonio González Gallego, encargado de Obras e Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Dona María del Carmen García Pérez, secretaria-interventora do Concello de Sarreaus.

• Tribunal suplente:

Presidente: don Cristian Villarino Cuquejo, secretaria-interventora do Concello de Trasmiras.

Secretaria: dona María González Gómez, funcionaria do Concello de San Cibrao das Viñas.

Vocais:

Don José Manuel Rodríguez Trigás, secretario-interventor do Concello da Peroxa.

Don José Antonio Rodríguez Barros, operario de Servizos Varios do Concello do Pereiro de Aguiar.

Dona M.^a de los Ángeles Alonso Paradela, secretaria-interventora do Concello de Xunqueira de Espadanedo.

Segundo o recollido no artigo 60 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, os que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/a presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Oitava. Procedemento de selección

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios e publicarase na web do concello www.sancibrao.sedelectronica.es, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados ata entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará -no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as e realizada a proba práctica e a entrevista, publicará no taboleiro de anuncios e na web do concello www.sancibrao.sedelectronica.es, as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Todas as notificacións que se realicen respecto a este procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no artigo 45,b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do concello e na web do concello www.sancibrao.sedelectronica.es.

Para o caso de empate na puntuación final, resolverase por sorteo.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante resolución, que será publicado no taboleiro de edictos do concello e na web do concello:

www.sancibrao.sedelectronica.es.

Os/as traballadores/as seleccionados/as estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia, nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de San Cibrao das Viñas.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

As fases do procedemento selectivo que puideran coincidir con probas de selección para outras prazas municipais celebradas o mesmo día e cos mesmos requisitos, poderán realizarse conxuntamente.

Novena. Incidencias

O tribunal quedará autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orde das probas en todo o non previsto nestas bases.

Décima. Recursos

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O alcalde. Asdo.: M. Pedro Fernández Moreiras.

(Ver anexos páx. 15-16)



ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE:

- ☐ XEFE DE BRIGADA
- ☐ PEÓN CONDUTOR
- ☐ PEÓN

AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE DÚAS BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA

DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME APELIDOS

DNI/NIE DATA DE NACEMENTO

ENDEREZO

POBOACIÓN PROVINCIA

TELÉFONO E-MAIL

DECLARO:

1. Que vistas as bases específicas de selección que rexen esta convocatoria, considero que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos e, polo tanto, solicito ser incluído no proceso selectivo.
2. Relación de méritos que aporsto:

- ☐ Copia cotexada da titulación esixida.
- ☐ Copia cotexada do título de galego.
- ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- ☐ Copia cotexada do carné de conducir.
- ☐ Certificado médico oficial que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo
- ☐ Declaración responsable.
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...).
- ☐ Xustificante pago taxa.

San Cibrao das Viñas, de de 2018.

Sinatura,

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

ANUNCIO SAN CIBRAO BRIGADA FORESTAL



ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE:

- ☐ XEFE DE BRIGADA
- ☐ PEÓN CONDUTOR
- ☐ PEÓN

AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE DÚAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA

D./D.^a,
con DNI n.º, con domicilio para os efectos de notificación en
.....,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo arriba indicado:

- ☐ non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas,
- ☐ non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e
- ☐ non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;
- ☐ e no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

..... de de 2018.

O/a solicitante,

Asdo.: